

**RESOLUCIÓN DO 1 DE XULLO DE 2021 DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA POLA QUE SE CONVOCAN AXUDAS PARA A RECUALIFICACIÓN
DO SISTEMA UNIVERSITARIO ESPAÑOL PARA 2021-2023**

Advertido erro na Resolución do 1 de xullo de 2021, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convocan Axudas para a Recualificación do sistema universitario español, e ao abeiro do artigo 109.2 da lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo, que establece que “*as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”, procédese a corrección de erros:

Polo tanto,

ONDE DI:

“3. MODALIDADES, DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE AXUDAS, DURACIÓN, CONTÍA DAS AXUDAS E DETALLE DO CONCEPTO FINANCIADO

(...)

a) Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores. Poderanse conceder un mínimo de 50 axudas, de conformidade co reparto seguinte segundo as grandes áreas de coñecemento:

- ✓ *Artes e Humanidades: 11*
- ✓ *Ciencias da Saúde: 12*
- ✓ *Ciencias Sociais e Xurídicas: 3*
- ✓ *Ciencias:18*
- ✓ *Enxeñaría e Arquitectura: 6”*

DEBE DICIR:

“3. MODALIDADES, DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE AXUDAS, DURACIÓN, CONTÍA DAS AXUDAS E DETALLE DO CONCEPTO FINANCIADO

(...)

a) Axudas Margarita Salas para a formación de novos doutores. Poderanse conceder un mínimo de 50 axudas, de conformidade co reparto seguinte segundo as grandes áreas de coñecemento:

- ✓ Artes e Humanidades: 9
- ✓ Ciencias da Saúde: 15
- ✓ Ciencias Sociais e Xurídicas: 9
- ✓ Ciencias:11
- ✓ Enxeñaría e Arquitectura: 6”

ONDE DI:

“3. MODALIDADES, DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE AXUDAS, DURACIÓN, CONTÍA DAS AXUDAS E DETALLE DO CONCEPTO FINANCIADO

(...)

c. Axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional.

Poderanse conceder un mínimo de 15 axudas para estadías de formación de tres anos de duración na Universidade de Santiago de Compostela distribuídas do seguinte xeito:

- ✓ Artes e Humanidades: 3
- ✓ Ciencias da Saúde: 3
- ✓ Ciencias Sociais e Xurídicas: 1
- ✓ Ciencias: 5
- ✓ Enxeñaría e Arquitectura:2”

DEBE DICIR:

“3. MODALIDADES, DISTRIBUCIÓN DO NÚMERO DE AXUDAS, DURACIÓN, CONTÍA DAS AXUDAS E DETALLE DO CONCEPTO FINANCIADO

(...)

c. Axudas María Zambrano para a atracción do talento internacional.

Poderanse conceder un mínimo de 15 axudas para estadias de formación de tres anos de duración na Universidade de Santiago de Compostela distribuídas do seguinte xeito:

- ✓ *Artes e Humanidades: 3*
- ✓ *Ciencias da Saúde: 4*
- ✓ *Ciencias Sociais e Xurídicas: 3*
- ✓ *Ciencias: 4*
- ✓ *Enxeñaría e Arquitectura: 1”*

ONDE DI:

“10. PRAZO DE RESOLUCIÓN DE SELECCIÓN, NAS QUE FIGURARÁN AS PERSOAS BENEFICIARIAS E AS PERSOAS INTEGRANTES DA LISTAXE DE RESERVA.

(...)

5. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación”

DEBE DICIR:

“10. PRAZO DE RESOLUCIÓN DE SELECCIÓN, NAS QUE FIGURARÁN AS PERSOAS BENEFICIARIAS E AS PERSOAS INTEGRANTES DA LISTAXE DE RESERVA.

(...)

5. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación”.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2021

O reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

TABOLEIRO ELECTRÓNICO